

Resolución da Secretaría Xeral, autorizando nova data de celebración de votación na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte na elección a representantes de alumnado de no Consello do Departamento T01 e T05.

Á vista da solicitude recibida nesta Secretaría Xeral procedente do Decanato da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte, onde se expoñe que o pasado venres, 10 de marzo, non foi constituída no dito centro a mesa electoral cara á votación nas eleccións de representantes de alumnado nos Consellos dos Departamentos de Deseño na Enxeñaría (T01) e de Enxeñaría dos materiais, mecánica e construción (T05) e solicitando autorización para sinalar unha nova data para a celebración da dita votación.

Á vista de que a presente situación non está a ser contemplada polo regulamento electoral xeral da Universidade de Vigo, pero sí pola Lei Orgánica 5/1985, de 19 de junio, do Réxime Electoral Xeral, cuxo artigo 80.5º prevé que cando “no pudiera constituirse la Mesa una hora después de la legalmente establecida para el inicio de la votación, ... [se] convocará para nueva votación en la mesa, dentro de los dos días siguientes”, norma que pode aplicarse por analogía, ante a lagoa de regulación interna.

Á vista da delegación de competencias aprobada pola comisión electoral nesta Secretaría Xeral, no marco do presente proceso, e dada a urxencia de resolver a situación creada, sen prexuízo da ratificación posterior da presente resolución pola propia comisión electoral antes da proclamación definitiva das candidaturas elixidas e das decisións que poida tomar respecto da asunción de responsabilidades.

Á vista do calendario electoral publicado en relación co presente proceso, onde se establece un prazo de dous días hábiles para a presentación de reclamacións inmediatamente posterior á data da votación, así como a publicación dos resultados definitivos o vindeiro mércores, 22 de marzo,

Consonte o exposto, este Secretario Xeral **R E S O L V E**

Primeiro: autorizar a petición solicitada, fixando a votación reclamada para o martes, 14 de marzo, na mesa electoral que deberá constituirse na Facultade de Ciencias de Educación e do Deporte, ubicada en lugar a decidir pola súa Xunta Electoral, nas súas instalacións, en horario de 10 h. a 18 h., que se desenvolverá segundo as indicacións do regulamento electoral xeral da UVigo.

Segundo: ordear ao decanato do dito centro que comunique inmediatamente por correo electrónico a data fixada na presente resolución ao electorado afectado por ésta, sen prexuízo da súa publicación polo persoal deste secretaría xeral no taboleiro electrónico oficial da UVigo.

Terceiro: insertar un aviso na publicación de resultados provisionais que remita a esta resolución no apartado correspondente ao alumnado dos Departamentos implicados, cuxos resultados aparecerán en branco ata a súa publicación, o mércores 15 de marzo.

Cuarto: autorizar a presentación de reclamacións sobre os resultados relativos aos representantes de alumnado nos ditos departamento os días 16 e 17 de marzo, que serán resoltas, en todo caso, antes da publicación dos resultados definitivos prevista para o vindeiro mércores 22 de marzo.

O Secretario Xeral da Universidade de Vigo
En Vigo, na data de sinatura electrónica

Ao Decano da Facultade de Ciencias da Edicación e do Deporte
Ao Presidente da Comisión Electoral.



Resolución da Secretaría Xeral, autorizando nova data de celebración de votación na Facultade de Dirección e Xestión Pública na elección a representantes de alumnado de no Consello do Departamento de Dereito Público Especial.

Á vista da solicitude recibida nesta Secretaría Xeral procedente do Decanato da Facultade de Dirección e Xestión Pública, onde se expoñe que o pasado venres, 10 de marzo, non foi constituída no dito centro a mesa electoral cara á votación nas eleccións de representantes de alumnado no Consello do Departamento de Dereito Público especial, e solicitando autorización para sinalar unha nova data para a celebración da dita votación.

Á vista de que a presente situación non está a ser contemplada polo regulamento electoral xeral da Universidade de Vigo, pero si pola Lei Orgánica 5/1985, de 19 de junio, do Réxime Electoral Xeral, cuxo artigo 80.5º prevé que cando “no pudiera constituirse la Mesa una hora después de la legalmente establecida para el inicio de la votación, ... [se] convocará para nueva votación en la mesa, dentro de los dos días siguientes”, norma que pode aplicarse por analogía, ante a lagoa de regulación interna.

Á vista da delegación de competencias aprobada pola comisión electoral nesta Secretaría Xeral, no marco do presente proceso, e dada a urxencia de resolver a situación creada, sen prexuízo da ratificación posterior da presente resolución pola propia comisión electoral antes da proclamación definitiva das candidaturas elixidas e das decisións que poida tomar respecto da asunción de responsabilidades.

Á vista do calendario electoral publicado en relación co presente proceso, onde se establece un prazo de dous días hábiles para a presentación de reclamacións inmediatamente posterior á data da votación, así como a publicación dos resultados definitivos o vindeiro mércores, 22 de marzo,

Consonte o exposto, este Secretario Xeral **R E S O L V E**

Primeiro: autorizar a petición solicitada, fixando a votación reclamada para o martes, 14 de marzo, na mesa electoral que deberá constituirse na Facultade de Dirección e Xestión Pública, ubicada en lugar a decidir pola súa Xunta Electoral, nas súas instalacións, en horario de 10 h. a 18 h., e que se desenvolverá segundo as indicacións do regulamento electoral xeral da Universidade de Vigo.

Segundo: ordear ao decanato do dito centro que comunique inmediatamente por correo electrónico a data fixada na presente resolución ao electorado afectado por ésta, sen prexuízo da súa publicación polo persoal deste secretaría xeral no taboleiro electrónico oficial da UVigo.

Terceiro: insertar un aviso na publicación de resultados provisionais que remita a esta resolución no apartado correspondente ao alumnado de 1º e 2º ciclo do Departamento de Dereito Público Especial, cuxos resultados aparecerán en branco ata a súa publicación, o mércores 15 de marzo.

Cuarto: autorizar a presentación de reclamacións sobre os resultados relativos aos representantes de alumnado de 1º e 2º ciclo no dito departamento os días 16 e 17 de marzo, que serán resoltas, en todo caso, antes da publicación dos resultados definitivos prevista para o vindeiro mércores 22 de marzo.

O Secretario Xeral da Universidade de Vigo
En Vigo, na data de sinatura electrónica

Ao Decano da Facultade de Dirección e Xestión Pública.
Ao Presidente da Comisión Electoral.

